

## Información sobre as diferentes materias impartidas no IES “Praia Barraña” de Boiro (A Coruña)

### 1 Identificación da materia

Denominación:

Cultura Clásica (CuCl)

### 2 Características da materia

Etapa educativa:

Educación Secundaria Obligatoria

Curso:

1º  2º  3º  4º

Tipoloxía:

Común  De opción  Optativa

Carga lectiva semanal:

1 hora  2 horas  3 horas  4 horas

Outras características:

- Aínda que a materia se oferta en dous cursos diferentes (3º e 4º), o alumnado **poderá cursala nun só dos mesmos**.
- Atendendo ao disposto na normativa vixente ao respecto, o alumnado de 4º curso non pode cursar ao mesmo tempo esta materia optativa xunto coa de **Filosofía**.
- Deberá contar cun **mínimo de 10 alumnos/as** para poder ser impartida.

### 3 Cal é a súa finalidade? Que contidos se traballan na materia?

- A finalidade principal da materia é acercar de forma amena ao alumnado os trazos principais das culturas grega e latina para así poder recoñecer as súas pegadas na actualidade.
- Xeografía de Grecia antiga e de Roma (a finalidade é que o alumnado coñeza e sitúe no espazo xeográfico as principais polis gregas e cidades de Italia, escenarios de guerras famosas, berce de mitos, oráculos e lendas por eles/as coñecidos).
- Historia de Grecia e Roma (perséguese un achegamento á historia de dúas civilizacións que marcaron o rumbo da historia).
- Mitoloxía (aproximación aos deuses e deusas do Olimpo e os heroes e coñecemento de todas as historias mitolóxicas relacionadas con eles/as).
- Arte (o alumnado será quen de recoñecer na iconografía todas as pegadas da civilización e a mitoloxía greco-romana, recoñeceremos os mitos nos cadros, esculturas, mosaicos etc.).
- Etimoloxía (unha gran parte do vocabulario actual procede das linguas latina e grega, facendo fincapé na orixe etimolóxica das palabras, latinismos, referencias na linguas actuais aos mitos antigos).

### 4 Onde se pode consultar o currículo completo da materia?

- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a *ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obligatoria* na Comunidade Autónoma de Galicia ([DOG do 26 de setembro de 2022](#)).
- Accede ao currículo da materia a través do seguinte [enlace](#) ou consultando o código QR que se indica

